

A ESCOLA DA VIDA

O inimigo na casa

24.10.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

En España, producíronse no ano 2007 case 142.000 divorcios, un 51% máis que o ano anterior. Este dato estatístico agocha tras de si moitísimos problemas, e comporta, a un tempo, numerosas e desagradables consecuencias. Unha destas últimas é a que os expertos chaman *síndrome de alíñación parental* e que o resto coñecemos como: utilización dos fillos por un dos ex membros da parella contra o outro. Este é un tema moi candente en todas as asociacións de pais e nais separadas e que aínda espera unha solución legal que faga que se minimize o conflito, ao considerar os fillos como suxeitos con plenos dereitos e con vidas independentes das dos seus pais. Ou como din os profesores Fariña e Arce, que aínda que haxa ruptura de parella non deixe de ser unha familia para os fillos, pois, para eles, os seus pais serano ata a fin dos seus días, malia quen lle pese.

Un dos máis flagrantes prexuízos que se lle pode causar a un fillo é indispoñelo contra un dos seus pais, expóndolle a súa propia intimidade e imaxe á valoración pública. Isto é o que fan algúns pais cando vocean os seus problemas persoais ben sexa no patio de veciños ou nos medios de comunicación.

Desde 1982, España dispón dunha lei que protexe civilmente o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe das persoas, algo que parece que non é así xa que a intimidade dos famosos ou de calquera é aireada acotío sen ningún tipo de escrúpulo por algúns medios. Pero se isto é demandable xudicialmente por calquera adulto involucrado, non parece que o sexa do mesmo xeito cando é o caso dun menor, a pesar de que este está protexido, ademais, polo artigo 4 da Lei de protección xurídica do menor. O que colma o pasmo de moitas persoas é que algúns pais se volvan famosos aireando a vida íntima dos seus fillos e unha parte da sociedade o chegue a considerar como normal e incluso se posicione en contra dos que defenden a súa ilegalidade.

A sociedade non pode ver como normal o incumprimento das leis e menos cando estas prexudican a quen aínda non é competente para defenderse por si mesmo. Esperemos que coa nova proposta de lei do audiovisual se impoña a lei por sanción, que parece que é o único mecanismo eficaz para salvagardar a intimidade e máis a imaxe do menor dos desaforos dos pais.